

XUN
TAN
ZA

Exposición
Multidisciplinar

CONCELLO DE LUGO

Alcaldesa de Lugo
Lara Méndez López

Concelleira de Cultura,
Turismo, Xuventude
e Promoción da Lingua
Carmen Basadre Vázquez

CATÁLOGO

Edición
Concello de Lugo

Dep. legal
LU 194-2015

ISBN
987-84-92895-26-7

© dos textos
os autores

© das fotografías
os autores

© da edición
concello de Lugo

XUN
TAN
ZA

Exposición
Multidisciplinar

Carmen Basadre Vázquez

Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e
Promoción da Lingua do Concello de Lugo

O Museo Interactivo da Historia de Lugo, dentro da súa liña de exposicións temporais, énchese hoxe coas variadas artes que conflúen nesta gran XUNTANZA de creadores que nos ofrecen unha extensa mostra na que se poden ver as máis diversas técnicas e tendencias da arte contemporánea: pintura, colaxe, gravado, fotografía, infografía, escultura, montaxe... que van dende o realismo máis minucioso á abstracción máis ousada, con referencias a todas as épocas e a todas as culturas.

Porque se algo caracteriza a arte do noso tempo é precisamente iso: a inmensa variedade que xorde dunha visión global do mundo enteiro a través de todo o seu decorrer histórico. Esa foi a gran conquista artística do século XX: dende as covas de Altamira ou de Lascaux ata a tradición da estampa xaponesa, dende os delicados xades chineses ás xigantescas cabezas dos Rapanui da Illa de Pascua, dende as esculturas e as máscaras máxicas dos pobos africanos ós petroglifos dos nosos devanceiros prehistóricos e ás máscaras de entroido da Galicia do sur, todo está presente na conciencia artística do noso tempo.

E todo iso (ou case todo), e moitas cousas máis aínda, está presente nas obras destes corenta e sete homes e mulleres que nos ofrecen en Lugo esta importante mostra que sen dúbida deixará un fondo rastro na memoria dos visitantes, que desexamos acudan en gran número ó MIHL nesta ocasión tan especial.

José Gabriel Astudillo López

Presidente da Asociación Española
de Pintores y Escultores

A Asociación Española de Pintores y Escultores ten xa 105 anos de historia. Levamos máis dun século facendo cultura, existindo por e para a arte, porque nacemos por e para os artistas, co ánimo de organizar mostras, certames e exposicións, desenvolver todo tipo de actividades culturais e contribuír ó fomento dos artistas e creadores españois e ó impulso das artes plásticas en xeral.

Algúns dos nosos ilustres presidentes son un referente mundial no panorama artístico, e só por citar algúns nomes pódense mencionar artistas da estatura de Eduardo Chicharro, Joaquín Sorolla, López Mezquita, Alcalá Galiano, José Francés, Miguel Blay, José Villegas ou Álvarez de Sotomayor, un galego universal do que nos sentimos tremendamente orgullosos.

Os nosos artistas e socios, repartidos por toda a xeografía nacional, están afeitos a acudir á nosa chamada para participaren nas exposicións que mantemos abertas por toda España grazas ó impagable labor que realizan os nosos Delegados, cuxos desvelos e satisfaccións nos enchen de orgullo en igual medida.

Pero nesta ocasión trátase dunha exposición moi especial, pois por primeira vez, e grazas ás xestións realizadas pola nosa Delegada en Lugo, Dolores Guerrero, a Asociación Española de Pintores y Escultores vai estar presente nunha mostra conxunta entre artistas galegos e socios da AEPE.

Unha exposición que leva por título XUNTANZA, aludindo ó que se busca e pretende con esta exhibición: aglutinar só algúns dos moitos artistas que co seu quefacer nos agasallan con arte e nos dan a oportunidade de sermos testemuñas desa arte.

Artistas descoñecidos, recoñecidos e laureados, xunto a algúns emerxentes que non virán máis ca a demostrar que da reunión de personalidades xorde a grandeza da arte e da cultura, que da unión de esforzos xermola a semente do entendemento e que da asociación de ideas nace sempre un proveitoso camiño ateigado de paraxes por descubrir.

O marco para tan apaixonadas obras é o Museo Interactivo da Historia de Lugo, un edificio referente internacional na arquitectura contemporánea que está concibido en realidade como un parque museo, é dicir, un edificio que xorde da relación coa paisaxe, e en definitiva un lugar ideal no que exhibir as creacións artísticas máis vangardistas e tamén as propostas máis clásicas, pero que sen ningún lugar a dúbidas non poderán deixar indiferente ningún amante da arte.

Unha Xuntanza marabillosa que será o inicio dunha grata e afortunada colaboración que confiamos que se prolongará ó longo de moitas máis actividades compartidas que, desde esta Asociación Española de Pintores y Escultores, estamos desexando repetir con tan excelentes resultados.

O noso recoñecemento ás institucións implicadas e ó seu persoal, e sobre todo ó Excelentísimo Concello de Lugo, que co seu esforzo fai posible a difusión da arte e da cultura, os nosos mellores desexos a todos os artistas implicados nunha exposición tan interesante e aglutinadora de tanta sensibilidade, e os nosos parabéns especiais a Dolores Guerrero pola súa aposta e defensa desta Asociación Española de Pintores y Escultores que hoxe ten o orgullo de estar presente en terras galegas.

Xosé Azar

Carlos Ballesteros

Alfredo Bongiani

Quique Bordell

Alejandro Carro

Santiago Catalán

José Manuel Chamorro

Aurora Charlo

Alicia Da Col Olivotti

Dupont

Iago Eireos

Fina Eiros

Omar F. Guerrero

Araceli Fernández Andrés

M. Isabel Flórez Bielsa

Rosa Gallego del Peso

J. Joaquín García Gesto

Roberto González Fernández

Manuel Gracia

Dolores Guerrero

Carla Hoet

Honorio

Lomarti

Germán Limeres López

David Llorente Sanz

Adriana M. Berges

Raquel Mayor Lázaro

Sacramento Muñoz Mejías

Antonio Murado

Miguel Anxo Macía

Juan de la Cruz Pallarés

Enrique Pedrero Muñoz

Soledad Penalta

Noa Persán

Baldomero Pestana

Iván Prieto

Xosé Reigosa

Pablo Reviriego

Justo Revilla

Peña Romay

María José Santiso Gómez

Isabel Somoza

Joaquín Ureña

Carlos Valcárcel Gay

Xoán Vila

Christian Villamide

Fernando Villapol

XUN TAN ZA

Exposición
Multidisciplinar

XOSÉ AZAR

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Xosé Azar recibiu a ensinanza do famoso escultor cambadés Francisco Asorey na Escola de Artes e Oficios da súa cidade natal, Compostela. É autor dos ensaios filosófico-literarios *Rosalía erótica y existencial*, publicado en Madrid no 2010, e *A outra Rosalía*, serie de artigos aparecidos en *El Correo Gallego* na primavera-verán do 2011.

Exposicións individuais: Centro Cultural Campamento (Madrid), 2012; Escuela de Cerámica de la Moncloa, 2012; Latina-Arte, Madrid, 2013; Casa de Galicia de Madrid, 2013; Casa de Cultura de Denia (Alicante), 2014.

Exposiciones colectivas: Salon International d'Automne, Sarria (Lugo), 2011; Bellange Ateljè Galleri, Estocolmo (Suecia), 2012. En xaneiro do 2013 foi seleccionada su obra 'Mediterránea' para formar parte da Fundación Murcia Futuro. Foi premiado no Salón de Outono do 2013 e no XXIII Certame de Pequeno Formato da AEPE.

Acougo 1
Aluminio
35 x 31 x 25 cm



CARLOS BALLESTEROS

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Burgos 1954, autodidacta, comprometido coa procura dos misterios da arte a través da escultura. “Nela, descubrir, non inventar, é a Dirección. O meu traballo: encontrar unha disposición, estar aberto a percibir as sinxelas liñas que están como por detrás das formas.”

Premios e exposicións:

2015: Exposición en Orfila 10 (Madrid); seleccionado no 50 Premio Reina Sofía (Madrid); finalista e exp. no XIX Certamen Pere Jou (Sitges); participa no 5º Centenario Santa Teresa de Jesús (Deputación de Ávila).

2014: Seleccionado en 81 Salón Otoño (Madrid), 34 Nacional de Parla, 18 Pere Jou (Sitges); participante na 13 Feria Dearte (Madrid), no Salón de Arte Espacio 120 (Hospitalet); Artista Invitado no 2º Salón de Verano (Cuenca); exposición colectiva en Nave de los Motores, Metro de Madrid.

Geometría anímica
Mármore de Calatorao
62 x 43 x 26 cm



ALFREDO BONGIANNI

Nacido en Roma e residente en Lugo desde 1995. Afeccionado á fotografía desde 1980 e profesional desde hai case 20 anos.

“Gústame a paisaxe, a arquitectura, o retrato; este último é o que máis me apaixona actualmente e, posto a elixir, o universo feminino intrígame e interésame máis ca calquera outro aspecto da fotografía...”

Ó longo destes vinte anos en Lugo realicei varias exposicións individuais e participei nunhas cantas colectivas. Nos últimos anos, debido á profesión e ó cambio tecnolóxico que sufriu o noso mundo, tiven e sigo tendo bastante menos tempo para dedicar á obra persoal, aínda que o interese cara a ela segue igual.

Unha das cousas que considero máis importantes para que se coñezan as miñas fotos e outras actividades paralelas como cursos e talleres é manter unha web interesante e posta ó día.”

Sen título

Fotografía, impresión con tintas ultrachrome en papel fine art
40 x 60 cm
2015



QUIQUE BORDÉLL

Estraños nun tren
Acrílico e spray sobre tea
160 x 200 cm




ALEJANDRO CARRO

Naceu en 1964. En 1990 finaliza estudos na Facultade de Belas Artes de Bilbao nas especialidades de pintura e escultura. Actualmente é profesor e vicedirector na EASD Ramón Falcón.

Entre as exposicións individuais destacan: Galería Clérigos, Galería Bacelos, Casa de Galicia en Madrid, Galería Alameda, Galería Sargadelos, Caja España, Galería Paloma Pintos, Museo de Lugo, COAG, Galería Centro Storico (Florencia). Entre as exposicións colectivas: III Foro Atlántico de Arte Contemporánea, Punto Emergente: Artistas Gallegos Contemporáneos, QCC Art Gallery, Premio Nacional de Pintura CCM, VII Mostra Unión Fenosa, I Premio Auditorio de Galicia, VII Certame Isaac Díaz Pardo, IV Salón de Outono Real Academia Galega de Belas Artes, Artexpo (Nova York), Feira PortoArte e Galería Azur Art (Niza).

Fragmento

Acrílico, grafito e tinta sobre papel
81 x 72 cm



SANTIAGO CATALÁN

Santiago Catalán (Madrid, 1954) é arquitecto, debuxante e pintor. Dende a súa titulación na Escola de Arquitectura de Madrid en 1978 compaxinou a súa faceta profesional (con proxectos de edificios públicos, restauración de monumentos, interiorismo e deseño gráfico) cunha intensa dedicación ó debuxo e ó mundo da arte en xeral, sendo fundador e socio da galería e o grupo artístico Bacabú en Lugo, o seu lugar de residencia dende 1980.

La algarabía de los pájaros insecto 1

Acrílico sobre táboa
95 x 95 cm




JOSÉ MANUEL CHAMORRO CHAMORRO

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Villademor de la Vega (León), 1949. Entre outras exposicións: La Casa Grande, Torrejón de Ardoz; Instituto Español de Cultura, Munich; Artes Plásticas Valdepeñas; Debuxo Fundación Ynglada Guillot, Barcelona; Centro Cultural Villa de Madrid; Kulturclub des Europäischen Patentams, Munich; Cámara de Comercio e Industria, Ifema, Madrid; Concurso Nacional de Gravado Ciudad de Burgos; Casa de la Cultura, San Lorenzo de El Escorial (Madrid); Centre Socio-Culturel du Pavé Blanc, Clamart, París; Premio de Debuxo Penagos, Madrid; Mini Print Internacional de Cadaqués; Wingfield Arts, Inglaterra; L'Etang d'Art, Bages (Francia); Certame de Gravado José Caballero, Las Rozas de Madrid; Affordable Art Fair París; Espacio 120, Hospitalet (Barcelona); D'Art Las Rozas Galería, Madrid; Galería de Arte Orfila, Madrid; Estampa, Madrid; Palacio D. Gutierre, León; San Salvador de Palat del Rey, León; Cuevas de Hércules, Toledo.

Rostros sin rostro 2-S
Auguaforte-augatinta
46,5 x 37,5 cm



AURORA CHARLO


Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Zaragoza, 1949. Ten o título de Arquitecto de Interiores do Instituto de Artes Decorativas de Madrid e de Estudos Superiores de Deseño do Centro de Altos Estudos FAE de Madrid. Dirixe a sección de Proxecto e Deseño Industrial de URBESA, Zaragoza (1970-1979). Membro da Agrupación Española de Acuarelistas. Membro da Académie Européenne des Arts. Membro fundador e ex-vicepresidente da Agrupación Aragonesa de Acuarelistas. Socio de honor da Agrupación Aragonesa de Acuarelistas. Académica correspondente da Real Academia de las Nobles y Bellas Artes de San Luis. Figura no Diccionario de Pintores y Escultores Españoles del Siglo XX (Forum Artis).

Hai obras dela en: Palacio da Zarzuela, Concellos de El Escorial, Granada, Caudete e Madrid, Fundación Peña Solera Aragonesa, Museo de Valdepeñas (Ciudad Real), Museo Pablo Serrano (Zaragoza), Colección Serra (Palma de Mallorca) e Deputación Provincial de Burgos.

Cumbres 1

Acuarela sobre papel
90 x 120 cm



ALICIA DA COL OLIVOTTI

Buenos Aires (Arxentina), 1948.
Actualmente reside en Madrid.

Formación en España: clases libres do Círculo de Bellas Artes, curso-taller “Color y creatividad” impartido por Juan Carlos Sanz (Universidade Carlos III – Círculo de Bellas Artes), curso-taller “Deconstrucción del paisaje” impartido por Sonia Casero Lázaro (Asociación Española de Pintores y Escultores), estudio de arte Punto de Fuga en Fuenlabrada.

Na Arxentina: taller da pintora Martha Zuik (4 anos).

Exposicións colectivas: No 2015, Círculo de Bellas Artes, sala Antonio Palacios, e Centro Cultural La Vaguada; no 2014, Círculo de Bellas Artes, sala Antonio Palacios; no 2013, Círculo de Bellas Artes, sala de exposicións da 6ª planta; no 2011, Círculo de Bellas Artes, sala Juana Mordó. En Buenos Aires realizou varias exposicións anteriores a 1995.

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Interior
Óleo sobre lenzo
54 x 65 cm



DUPONT

Esta artista estuda arte en Galicia para, máis tarde, seguirse formando en Barcelona, onde perfecciona a súa técnica. Iniciados os anos 70, recalca en Madrid onde compaxina a investigación pictórica con diversas colaboracións xunto con outros creadores. Conta no seu haber con máis de 40 exposicións realizadas en España, e traballou durante máis de corenta anos experimentando na pintura, recibindo numerosos premios e mencións tanto nacionais como internacionais. Investigadora nata, utilizou todo tipo de técnicas pictóricas ó longo da súa traxectoria profesional, dende óleos e acrílicos aplicados a estilos figurativos ata as últimas tendencias como abstracción, impresión, estampaxe, localización, máterica ou experimentación con pigmentos naturais.

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Ciudade.com
Pigmentos naturais
81 x 100 cm



IAGO EIREOS

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo no ano 2008, mantén a súa busca como artista residente en diversos centros e universidades de España, Italia, Portugal e Romanía. Obtivo diversos premios e bolsas artísticas que completan a súa formación, como o Premio Art&Environment Montalbano (Italia), Bolsa de residencia RAM III (Portugal), Bolsa de residencia Fundación Bienal de Cerveira (Portugal), Representante “19 Rostros por Europa” Comisión e Parlamento Europeo, Bolsa Leonardo Da Vinci, Bolsa de residencia Plan de Mobilidade Creativa, Premio Novos Valores09, Bolsa Primeira Obra da Fundación Caixa Galicia, Bolsa Intracity_08, Bolsa Iniciararte da Junta de Andalucía ou a “Bolsa Fundación Antonio Gala para Jóvenes Creadores”.

Cartografía I

Da serie Paisaxe Engadida
Mixta sobre liño
175 x 175 cm
2015



FINA EIROS

Naceu en Meira (Lugo). De 1989/1994, diplomada de Belas Artes, Superior de Disseny i Art "Eina", Universitat Autònoma de Barcelona. En 2000/2002 especialízase en Lingua de Signos Española en FAXPG / CNSE, A Coruña. Actualmente estuda Grao en Psicoloxía na UNED.

Fixo 20 exposicións individuais dende 1986 a 2008, e participou en 68 colectivas dende 1992 ata a actualidade. Ten obras no Concello de Burela, na colección particular da Galería Arte Imagen da Coruña, na Asociación Galega de Artistas Visuais (Vigo), na Casa da Cultura de Meira, na Xunta de Galicia (Lugo), no Concello de Burela, no Museo de Arte Contemporánea de Unión Fenosa, no Museo Provincial de Lugo.

Da súa obra trátase en *Allgemeines Künstlerlexikon.K.G Saur Verlag Leipzig (2003)* ou na Enciclopedia Galega Universal de Ir Indo (2002).

Marea negra

Técnica mixta ó acrílico sobre lenzo
80 x 80 cm



OMAR FEIJÓO GUERRERO

Omar Feijóo Guerrero estudou fotografía artística na escola de artes Ramón Falcón, onde recibiu unha mención de honor á creatividade e innovación polo seu proxecto de fin de curso.

Participou en diversos concursos, gañando na categoría analóxica do XVI Maratón Fotográfico do campus de Lugo da USC. Participou na exposición Entolearte. Ademais mostrou as súas fotografías en exposicións propias.

Raios

Fotografía dixital, revelado químico
60 x 100 cm




ARACELI FERNÁNDEZ ANDRÉS

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Últimas exposicións: Exposición C. Museo Municipal “El Pósito”, Campo de Criptana (C. Real); exposición C. AEPE La Baraja, Madrid; exposición C. Museo López Villaseñor, Ciudad Real; exposición C. Museo El Mercado, Villanueva de los Infantes (C. Real); exposición C. Centro de Arte Carmen Arias, Socuéllamos (C. Real); membro do xurado no Concurso de Pintura Rápida, Sacramenia (Segovia); exposición Archivo Histórico Prov. Toledo “IV Centenario de la Muerte de El Greco”; exposición Museo Municipal de Valdepeñas, Ciudad Real; exposición Centro Cultural Miguel de Cervantes, El Toboso (Toledo); exposición Centro Cultural de Puertollano, Ciudad Real; exposición colectiva XIV Edición EXPOINAP 2014, Instituto de Administraciones Públicas, Madrid; seleccionada VIII Salón Primavera, Castilla La Mancha; exposición Museo Municipal de Valdepeñas, Ciudad Real; seleccionada Salón de Verano Cuenca; exposición Asociación Española Pintores y Escultores, Madrid.

Otoño

Óleo sobre táboa
100 x 81 cm



M. ISABEL FLÓREZ BIELSA

Nace en San Sebastián (España). Empeza a debuxar ós 10 anos, na Delegación de Arte e Cultura de Tetuán (Marrocos), onde consegue o primeiro premio en debuxo á idade de 12 anos, na categoría xuvenil. Continúa estudando a técnica do debuxo na Escola de Artes e Oficios de San Sebastián. Despois de profundar na técnica de debuxo (grafito, carbón pastel), área na que obtén recoñecementos, comeza a pintar ó óleo.

Xa en Madrid, recibe clases de destacados pintores. Membro da AEPE, realiza cursos sobre pintura ó aire libre, acuarela, retrato, organizados pola Asociación, participando en exposicións e concursos, nos que obtivo diversos premios: o primeiro en 1985, no Certame Cultural do INI, e o máis recente no 2015, 1º Premio de Peña Tomelloso en Madrid.

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

El rebaño
Óleo
81 x 100 cm



ROSA GALLEGO DEL PESO

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Especialidade en Arteterapia *Psicoanalítica* (1982-93).

Pertence ó movemento denominado “abstacción xeométrica”. Dende o 1980 estivo representada a nivel nacional e internacional en numerosas exposicións:

Calcografía Nacional da Real Academia de Bellas Arte de San Fernando, Casa de la Moneda y Timbre, Museo Thyssen Bornemisza, Museo “Adolfo Suárez y la Transición”, deseño publicitario presenza en rúa Concello de Madrid no Centenario da *AEPE*, deseños no Museo Reina Sofía de Madrid.

Obtivo varios premios e distincións, destacando o *Premio Extraordinario Reina Sofía* da Asociación Española de Pintores y Escultores. Museos e institución públicas e privadas apostaron pola súa obra en países como España, Bélxica, Portugal, Francia, Alemaña, Venezuela, México, Italia, Arxentina, Principado de Mónaco.

Arquitectura, Futuro Museo II

Madeira pigmentada
100 x 70 cm



J. JOAQUÍN GARCÍA GÈSTO

Estuda na facultade de Belas Artes San Fernando
da Universidade Complutense de Madrid.

Algunhas exposicións: 1964: Círculo das Artes, Lugo.
1966 Colexio Maior Diego de Covarrubias, Madrid.
1974: III Certame Nacional Universitario de Artes
Plásticas, Palacio de Cristal do Retiro de Madrid,
1º Premio. 1977: “100 Artistas para la Democracia”,
Galería Internacional, Madrid. 1978: “Panorama 78”,
Museo Español de Arte Contemporáneo e Museo
Municipal, Madrid (comisario das exposicións). 2001:
Porto Arte Moderna, Feira Internacional de Arte, Porto
(Portugal). 2014: “O bodegón oculto. A natureza
morta na arte contemporánea galega”, Fundación
ABANCA, Galicia, itinerante polas sedes da Fundación.
2014: Feira internacional de Arte Contemporánea,
Teherán, Ministerio de Cultura de Irán. 2015: “El caos
sensible”, capela de Santa María do centrAD, Lugo.

“Epilepsy – 1”

Látex, pigmentos, materia
vexetal, lenzo de algodón
195 x 130 cm
1998



ROBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Nace en Monforte de Lemos, Lugo, no 1948. Entre 1969 e 1974 estuda na Escola de Belas Artes San Fernando de Madrid. Trasládase a Edimburgo en 1977, e dende 1982 alterna a súa residencia e traballo entre esta cidade e Madrid. En 1984 é bolseiro por The New York Foundation for the Arts. Realizou máis de 140 exposicións individuais e participou en numerosas colectivas e Feiras de Arte Contemporánea por todo o mundo. Interesado pola pintura como medio para expresar ideas e sentimentos, o seu estilo poderíase definir como unha mestura entre enfoques conceptuais e realistas. A súa preocupación polo espazo e polo tempo faise evidente tanto no estilo narrativo da súa obra como na organización seriada do seu traballo; cada nova invención xera universos temporais e espaciais propios.

**Jacob's ladder to the board
games: English Cards**

Fotografía / Colaxe dixital.
Tintas pigmentadas sobre
papel Somerset 330 g
77 x 115 cm
2009



MANUEL GRACIA

Manuel Gracia naceu en Madrid no 1964, e vive e traballa na mesma cidade. É especialista en Arte Contemporánea polo Instituto Superior de Arte. Mostrou o seu traballo en exposicións individuais e participou en colectivas en distintos países de Europa de Asia e mais nos Estados Unidos. A súa obra áchase en institucións e coleccións particulares nacionais e internacionais. Os seus presupostos artísticos enténdense nun sentido autorreferencial. Deste xeito, a obra descríbese a si mesma mantendo en todo momento a súa autonomía plástica, non obedecendo a factores externos de carácter narrativo ou simbólico e ofrecendo xustamente a súa propia presenza.

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Geo 133
Óleo sobre lenzo
50 x 40 cm



DOLORES GUERRERO

Dolores Guerrero naceu en Lugo. É autodidacta. Fixo exposicións en Galicia e outros lugares de España como Madrid e Barcelona. Tamén expuxo en Francia na Feira Internacional de Arte Art Nîm, e en Alemaña na Feira Internacional Frankfurter Burchmesse.

No VIII Salón de Inverno de Barcelona obtivo medalla de prata e diploma de honor.

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Éxtase
Óleo sobre lenzo
80 x 100 cm



CARLA HOET

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Naceu na Arxentina en 1981. Actualmente reside en Madrid e está cursando un Grao en Historia da Arte na UNED. Estudou Belas Artes na EPAV Juan Mantovani e unha Tecnicatura en Debuxo e Pintura, Esc P R E de San Martín, recibindo a medalla ó mérito e a medalla de mellor alumna. Algúns dos seus últimos cursos a destacar son: Cátedra Goya, impartida polos mestres Antonio López e Julio López, Ávila, setembro 2014; “La técnica del óleo”, DAO, AEPE, 2013, Madrid; Taller del Prado. 2009-2010 – 2011, Salvador Antúnez del Cerro, Madrid. Os seus últimos certames e exposicións: 2015, Premios Ibercaja, Premios certames artísticos Ciudad de Tomelloso, 50 Premio Reina Sofía, Sala de Exposicións El Águila, Madrid. 2014, Exposición individual “Interiores”, Nave de Motores de Madrid; 80º Salón de Otoño, obtendo o Premio Metro Madrid e a Medalla de Pintura Eduardo Chicharro, concedido pola AEPE.

Verano

Óleo sobre táboa
61 x 50 cm



HONORIO

Bañista

Xeso de escultura
20 x 18 x 16 cm



GERMÁN LIMERES LÓPEZ

In Memoriam
Fotografía digital
60 x 90 cm



DAVID LLORENTE SANZ

Naceu en Madrid no 1979. Estudou Belas Artes na Universidade Complutense de Madrid. Autor de obras de gran formato, está representado en coleccións privadas e públicas. Entre outros premios foille outorgado o Premio Caja Madrid no Salón de Otoño do 2011.

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Puertas que abren mundos
(abstracción xeométrica 70 cubos)
Acrílico sobre tablex
Tríptico: 187,5 x 194 x 4 cm



LOMARTI

Lomarti naceu en Lugo no 1957.

Entre as súas mostras individuais hai que mencionar as seguintes: Salamanca (Sala Rúa Mayor). Segovia (Torreón de Lozoya). Compostela (Casa da Parra). León (Museo Provincial). Barcelona (Galería Sargadelos).

2005: Galería Biondetta, Madrid. 2006: Museo de Arte Moderno, Tarragona. 2007: Galería Biondetta, Madrid; Fundación ArtSur, Madrid. 2009: Feria Dearte Madrid. 2009: Galería Metro de Santiago. 2011: Feria ArtMadrid, Stand Galería Metro. 2013: Galería Aire Centro de Arte, Santiago de Compostela.

Entre as mostras colectivas nas que participou están:

VIII Bienal Internacional de Pontevedra, I Bienal de Unión Fenosa, Bienal de Murcia, o Premio Gargallo.

1987: Arco, Galería Natalia Soldevilla, co pintor madrileño Luis Feito. 1991: 4º Taller de escultura, Calatorao. No 2001 participou no Primeiro Simposio de Escultura Española en Corea do Sur.

Ofheli

Talla directa nunha peza en madeira de carballo policromada
140 x 27 x 16 cm



ADRIANA M. BERGES

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Esta artista plástica amosou desde moi nova unha predilección especial polo lenzo e a pintura. Estudou Belas Artes na Universidade Complutense de Madrid e cursou o seu terceiro ano na HAWK, Hildesheim, Alemaña (2012-2013), onde se puido especializar en técnicas planográficas e edición de libros ilustrados.

Participou en Leipziger Buchmesse 2013. Ó seu regreso a Madrid, finalizou os estudos en Belas Artes no 2014, e seguidamente foi seleccionada para o Máster en Arte Contemporánea e Cultura Visual no Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, onde actualmente continúa a súa formación. Compaxina a súa paixón pola pintura con diversos proxectos de xestión e comisariado con artistas nacionais.

Azuqueca de Henares
Óleo sobre lenzo
100 x 100 cm



RAQUEL MAYOR LAZARO

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Licenciada en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid, con especialidade en Conservación e Restauración de Obras de Arte. Estudos avanzados en gravado en oco, litografía, serigrafía e xilografía.

Exposicións individuais dende 1990 en Madrid, Pau (Francia, Domaine du Cinquau – Artiguelouve), Concello de Vegadeo (Asturias), Galería Altalene (Madrid), Galería Madrid 2000, Calahorra, Cervera del Río Alhama (La Rioja), Ciudad Real e Puertollano.

Exposicións colectivas en Madrid, Tarbes (Francia), La Rioja, Soria, Cantabria, Albacete, Alicante, etc.

Premios: Mención de Honor en gravado AEPE 2012; pintura, Real Sociedad Canina de España, 2001; pintura, Junta Municipal de Arganzuela, 1998; pintura, Banco Atlántico, Madrid, 1984; pintura, Jerez de la Frontera (Cádiz), Fundación Ruiz Mateos, 1982.

Colores de la viña

Gravado en oco
35 x 33 cm



SACRAMENTO MUÑOZ MEJIAS

Técnico superior de pintura Mural, de Dourado e Policromía, de Ebanistería Artística, monográficos de debuxo e de pintura. Asistencia a talleres e cursos cos pintores Juan Lacomba, Paco Broca, Juan J. Jiménez, Guillermo Oyagüe, Malali Bachiller, Sonia Casero, David López Panea.

Últimas exposicións e premios: Segundo premio de escultura no 2015 e terceiro de pintura no 2012, Certamen Iberia, Madrid. Exposición colectiva “Los caminos de la abstracción en el arte del Siglo XX”, no Colexio de Aparelladores de Sevilla. Exposición colectiva Centro-CADE “Proyecto Lunar Morfologías posibles y dispares”. Obra seleccionada en AEPE para a exposición “En el centro de la mirada”, Madrid. Exposición colectiva “Inmagini-Imágenes” no Real Club de Golf Sevilla. En 2014, exposición individual “Obras”, Container Art, Sevilla. Obras seleccionadas para o Certame Internacional de Arte contemporánea celebrado en Utrera. Exposición colectiva “Marias” na sede da Fundación FUNDECA, Sevilla.


Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Urban I
Mixta
96 x 98 cm



ANTONIO MURADO

Pétalos
61 x 82 cm
Óleo sobre lenzo



MIGUEL ANXO MACÍA

Naceu en Lugo o 29 de xullo do 1955. Licenciouse en Belas Artes en 1985 pola Facultade de Belas Artes de Valencia, e foi pensionado de paisaxe en Segovia no mesmo ano. No 2005 doutorouse en Belas Artes pola Universidade de Vigo (Facultade de Belas Artes de Pontevedra).

En abril do ano 2012 a editorial Alvarellos publicou Cores para aloumiñar soños. Vida e obra de Miguel Anxo Macía, cuxo autor é o doutor en Filoloxía e documentalista Camilo Gómez Torres.

Leva feitas 51 exposicións individuais en diversas cidades españolas, e dúascentas colectivas. Gañou doce primeiros premios de pintura.

Primeiras luces
Óleo sobre taboleiro
100 x 200 cm



JUAN DE LA CRUZ PALLARÉS

Nacido en Lorca (Murcia) no 1955. Estudos de Belas Artes e Restauración na E. S. de Belas Artes “San Carlos” (Valencia). Licenciado en Dereito pola UCM. Vicepresidente da Asociación Española de Pintores e Escultores. Director da Gaceta de Bellas Artes da AEPE.

Exposicións individuais e colectivas no 2014: colectiva Pintores Murcianos, Lorca; Artista seleccionado no II Salón de Verano de Cuenca; exposición colectiva e itinerante de “Platero y yo”, Madrid; Museo de Adra, Almería; Convento de la Victoria, Vera, Almería; exposición na XIII Feria Dearte, Madrid; seleccionado no Certame VIII Salón de Primavera de Valdepeñas; exposición colectiva Guadalajara – 4D no Auditorio Buero Vallejo; seleccionado para o 51 Certame Plásticas San Isidro, Tema Madrileño; IV Salón de Invierno de Pintura y Escultura de Benalmádena, AEPE; exposición no Centro Cultural Ayuntamiento de Lorca.

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Paisaje con aves
Mixta sobre táboa
60 x 60 cm



ENRIQUE PEDRERO MUÑOZ

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Valdepeñas, 1947. Ex-profesor de Debuxo, pintor, escultor e escritor. Licenciado e doutor (cum laude) en Belas Artes pola Universidade de Castilla-La Mancha, en 1992 e 2007. Participou en máis dun cento de exposicións colectivas e fixo unha ducia de exposicións individuais. Actualmente participa nunha itinerante en doce cidades.

Evoluciona na pintura desde o primitivismo ata un realismo máxico e moi persoal. Iníciase na escultura na arte minimal, construtivismo e aséntase no organicismo.

Escrebe en numerosos medios periodísticos e revistas de arte nacionais e internacionais, e publicou varios libros. Exerceu como xurado, crítico de arte e comisario de exposicións. É socio da AEPE dende 1985; delegado, comisario desde 2006, e galardoado coa "medalla de socio de mérito" no ano 2010 polo Centenario da entidade.

Versión Puerta de Almenara
Óleo sobre lenzo
81 x 60 cm



SOLEDAD PENALTA

Escultora dende o ano 1972. Formación especial:
1986, bolsa en Faenza Italia; 1989-1991,
Studio Art University of Minnesota, USA.

Exposicións destacadas: 2015: Centro de Arte Marcos
Valcárcel da Deputación de Ourense; 2014: Galería
Bus Station, Santiago; 2014: Museo Provincial de
Lugo; 2014: Salon D'Automne International, São
Paulo, Brasil. 2013: The National Art Center, Toquio,
Xapón; 2012: Hivernales de Paris-Est Montreuil; 2012:
Salon d'Automne en Israel, Tel Aviv; 2011: Biennale
Internazionale Dell'Arte Contemporanea, Florencia, Italia;
2011: Monna Lisa Galery, París; 2008, 2009, 2010,
2011, 2012, 2013, 2014 e 2015: Salon d'Automme,
París. 2006: Galería José Lorenzo, Santiago; 2000, 2008
e 2014: Galería Pardo Bazán, A Coruña; 2000: Casa
da Parra, Santiago; 1999: Bienal Vilanova de Cerveira,
Portugal. 1997: Universidade de Málaga, Casa Picasso;
1990: Art Center University of Minnesota, USA.

Esculturas súas figuran en numerosos museos
e coleccións estranxeiras, e ten tamén moita
obra pública ó aire libre, por exemplo no parque
escultórico da Torre de Hércules da Coruña.

Sons da Historia sen fins nin límites

Aceiro INOX manuscrito e pregado
400 x 150 x 200 cm (37 elementos
suspendidos con cable)



NOA PERSÁN

Villabona, 1978. Artista multidisciplinar seleccionada na Bienal Internacional “Salón de Outono de Sarria 2015”, na XXI Bienal Internacional “Arte no Morrazo” e en numerosos certames nos que a súa obra é recoñecida con mencións de honor, e premiada no “Villa Biarritz” (Francia) ou no XXIII Certame galego “José Domínguez Guizán”. É bolseira no II Encontro de Artistas Novos (Santiago de Compostela) e no I Encontro Artistas en Red (M.AR.CA, Cacabelos, León). Participa en proxectos estatais, como “Quién da la vuelta a la tortilla?” e o Festival “Miradas de Mujeres”, e noutros de ámbito galego: “Proxecto Abertal”, “A Arte de ser muller nun mundo por compartir”, “Entolearte”, “Arte e Natureza”... Realizou numerosas exposicións individuais e colectivas, e colabora en numerosos proxectos artísticos con distintas entidades.

Liyng is fashionable

Óleo sobre lenzo
116 x 88,9 cm
2015



BALDOMERO PESTANA

Nace en Pozos-Pena (Castroverde-Lugo) no 1918, froito dun amor imposible. Con catro anos viaxa á Arxentina coa súa familia, sen sospeitar sequera que aquela sería a primeira das moitas viaxes que faría, nin que se convertería nunha importante testemuña da cultura americana e europea do século XX.

Fórmase persoal e intelectualmente en Buenos Aires, e en 1957 trasládase a Perú, onde destaca como fotógrafo, e xa desde 1967 a París para cumprir históricos soños de “devorar” o mundo.

Fotógrafo, debuxante e pintor, participou en exposicións individuais e colectivas en diferentes países de varios continentes.

E con 90 espléndidos anos e cheo de sabedoría regresa á casa, para emprender a súa definitiva viaxe en xullo do 2015, deixando tras del un importante legado artístico e cultural, pero sobre todo persoal.

Cartel. París 1972

Idilio. Buenos Aires 1959

Modas. Lima-Perú 1964

Velia e o cura. España 1967

Fotografía
76 x 76 cm



IVÁN PRIETO

Naceu no Barco (Ourense) o 10 de febreiro de 1978. É licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid. Na súa formación destaca o curso 2002-03 en Hogeschool voor de Kunsten, Utrecht, Holanda.

Realizou entre outras as seguintes exposicións individuais: no 2014 "Icarus", na Galería BWA-Glass and Ceramic (Wroclaw, Polonia), e no 2015, "Blowing of the soul", Dat Galerie (Berlín)

Entre as exposicións colectivas nas que participou destacan: no 2014, "Shunga: Träume der fließenden Welt", Glashaus, Berlín, e no 2015, "Kunst am spreeknie", Zentrale Ausstellung, Berlín.

Sen título

Resina acrílica, pigmentos e fibra natural
165 x 58 x 40 cm
2015



XOSÉ REIGOSA

Fotógrafo e documentalista, natural de San Cosme de Barreiros (Lugo). Comeza a realizar fotografías de forma autodidacta a principios dos anos 80. Realizou máis de 50 exposicións entre individuais e colectivas. Colaborou en diversas publicacións.

Os seus traballos xiran maioritariamente arredor do tema social, a natureza e a figura humana. Os seus últimos proxectos son: “Entre Marbella e Torremolinos, imaxes de manicomio” consistente en una serie de fotografías e un vídeo documental sobre os últimos días do manicomio de Castro de Ribeiras de Lea; “A Muralla cohabitada”, (exposición e libro), 50 fotografías doutros tantos persoeiros da cultura da cidade relacionados coa muralla de Lugo; “A Chocolateira”, documental de 52 minutos sobre o tren mineiro de Vilaodríz a Ribadeo; “O Piloto”, vídeo-documental de 78 minutos sobre a vida do guerrilleiro José Castro Veiga.

A confesión

Fotografía dixital impresa
en papel baritado
63 x 42 cm



PABLO REVIRIEGO

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Socio de Honor da Agrupación Española de Acuarelistas. Delegado da Asociación Española de Pintores y Escultores. Comisario e creador das Bienais “ 20 pintores unidos por la acuarela”. Entre os premios que lle foron outorgados pódense citar: Premio Casino de Madrid; Premio Anfaco “El mar y sus productos”; Premio Ayuntamiento de Madrid, Área de las Artes, no Salón de Otoño da AEPE; Premio Diputación de Albacete; Premio Galileo; Premio no Certamen Nacional Minicromatismo; Medalla do Centenario da AEPE, etc. Fixo máis de noventa exposicións, a última en Bogotá (Colombia). As súas obras encóntranse en coleccións privadas de destacadas personalidades do mundo das finanzas, da política, do espectáculo e do mundo taurino de toda a xeografía nacional. Tamén se pode ver obra súa en museos e institucións de España e de varios países de Europa e América.

Atardecer en otoño
Acuarela
55 x 75 cm




JUSTO REVILLA

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Madrid, 1940. Pintor representado en múltiples colecciones privadas e públicas nacionais e internacionais, e galardoado con numerosos premios entre os que se poden destacar: primeira e segunda medalla do Salón de Otoño da AEPE; Premio Ayuntamiento de Madrid 1968, 1973 e 1974; Premio Extraordinario Reina Sofía en 1978; Mención de Honor na Exposición de San Isidro de 1968; Medalla Antonio Casero en 1976. Foi invitado como membro de xurado en distintos certames.

Mujer dormida
Óleo sobre lenzo
130 x 97,1 cm



PEÑA ROMAY

Naceu en Lugo no 1952). Aínda que a súa formación é autodidacta, complementaa con talleres de pintura, debuxo e técnicas de gravado. Foi galardoado con distintos premios, accésits e mención de honor en diversos certames de pintura. Realizou ilustracións en diversas publicacións de libros e revistas. A súa obra foi exposta por diversas cidades, formando parte de distintas coleccións públicas e privadas. O seu traballo céntrase actualmente na figuración impresionista, sendo a paisaxe urbana cargada de formas, texturas e cores o que lle dá un sentido emocional ós seus cadros, que falan da beleza da vida.

Feiral de Betanzos

Óleo sobre táboa
90 x 90 cm



MARÍA JOSÉ SANTISO GÓMEZ

Licenciada en Belas Artes por Salamanca, actualmente cursa 4º de Historia da Arte. Expuxo individualmente no Museo Provincial de Lugo e nas galerías Sargadelos de Ferrol e Pardo Bazán da Coruña. Colectivas nas galerías Clérigos de Lugo, Sacramento de Aveiro e Grade de Coimbra; no Museo de Lugo (“Ars Moenia”, “Proxecto Abertal” e “A arte de ser muller nun mundo por compartir”), e no concello da Coruña (“Sen ataduras”). Seleccionada en varias edicións do certame “Concello de Cambre”, na Bienal de Arte de Vila Nova de Cerveira, no Salón de Outono da Real Academia de Belas Artes e na VII Mostra Unión Fenosa. Premiada no VIII e IX Certame de Artes Plásticas “Isaac Díaz Pardo” e no 2º Premio Muface, bolseira na 4ª Bolsa Valdearte do Barco. Obra representada na Colección Valdearte, Caixa de Pontevedra, Subdelegación do Goberno en San Sebastián, Museo de Sargadelos, Deputación da Coruña, Museo Provincial de Lugo, Colección Muface e Consellería de Educación.

Contenedores

Técnica mixta

Dúas pezas de 24 x 25 x 10 cm



ISABEL SOMOZA

Isabel Somoza García, Lugo 1973. Licenciada en Belas Artes. Técnica en gravado e estampaxe.

Investigadora incansable no eido da gráfica, en 1999 funda o centro de gravado “Augatinta” en Lugo como punto de encontro para artistas e gravadores onde aprender as diferentes técnicas gráficas e intercambiar coñecementos. Na súa obra as plumas son un elemento simbólico indispensable que fusiona as diferentes etapas, onde o debuxo xoga un papel fundamental. Nos últimos anos o seu traballo viuse recoñecido na Bienal Internacional de Gravado de Taiwan (Museo de Belas Artes, Taipei) como finalista no 2014, e no Premio Atlante (Fundación do Gravado de Artes, A Coruña) cunha mención de honor no 2013.

Manto do ar

Gofraxe, litografía sobre aluminio, colaxe e termoimpresión sobre papel artesán sen prensar de 500 g
73 x 50 cm
Tirada. 4 P/A
Taller de estampaxe. Augatinta



JOAQUÍN UREÑA

Membro da
Asociación Española de
Pintores e Escultores

Cursa estudos nas E.T.S. de Arquitectura de Madrid e Barcelona. Profesor do Taller “Expressió Plàstica per a Adults” na Escola Municipal de Belles Arts de Lleida dende o curso 1984-1985.

Na mesma vía

Acrílico sobre papel
81 x 81 cm

Obtivo 40 premios nacionais entre os cales destacan:

1989: Primeiro premio na XVI Exposición de Acuarela de Caja de Madrid; Primeiro premio na II Biennal d’Aquarel·la de la Costa Brava, Llançà (Girona); Primeiro premio no XIII Certamen Nacional de Acuarela de Caja de Madrid. 1994: Pámpana de Plata na LV Exposición Nacional de Artes Plásticas de Valdepeñas; Primeira medalla de Acuarela no LXI Salón de Otoño da AEPE en Madrid; Primeiro premio López-Villaseñor de Pintura en Ciudad Real. 1996: Primeiro Premio Caneja de Pintura da Fundación Díaz Caneja, Palencia; Premio Extraordinario Reina Sofía e Premio Fundación Amigos de Madrid no LXIII Salón de Otoño da AEPE de Madrid; Medalla BMW en Madrid. 1998: Medalla Morera en Lleida; Primeiro premio do XL Certamen Nacional de Pintura Caja San Fernando en Sevilla.



CARLOS VALCÁRCEL GAY

Afeccionado á fotografía dende os anos 60 do século XX, recibiu numerosos premios e galardóns.

Exposicións: actualmente unha permanente na Universidade de Santiago. Lugo.

Sen título

Película Kodak 100 ISO
54 x 80 cm (exterior)



XOÁN VILA

Naceu en Lugo no 1958. Compaxina a escultura co traballo como funcionario de Correos. Comezou aprendendo talla en madeira na Escola Ramón Falcón de Lugo. Tamén está moi vinculado ó CENTRAD, onde realizou técnicas de volume e escultura. Traballou sempre na plástica experimentando con formas e materiais nobres na procura dunha linguaxe íntima coa arte e a natureza.

Como escultor vén participando dende a década dos 90 en múltiples exposicións, tanto individuais como colectivas. Fóronlle outorgados numerosos premios e distincións, como por exemplo o primeiro premio de escultura Bienal Meigas e Tragos de Sarria, o segundo premio de escultura do Ministerio de Fomento, ou o primeiro premio no "XVI Certame Nacional Galería Burela". En 2008 e 2009 foi convidado a participar nos Salons d'Automne, Espace Champeret (París).

A Fuga

Madeira tallada e policromada
65 x 44 x 16 cm



CHRISTIAN VILLAMIDE

Realiza en 1985 a súa primeira exposición. Desde aquela destacan: 1991: Museo Municipal de Ourense; 1992: "Sensaciones gráficas", Fundación Ana Torre, Buenos Aires; 1994: "Volcán Vulva-Vulva Volcán", Galería Pardo Bazán, A Coruña; 1997: "Humedades", Galería Clérigos, Lugo; 2000: "Asépticos", Caja Madrid, Pontevedra; 2002: "Mutación", Museo Provincial de Lugo; 2011: "Percepciones", Galería A+B, A Guarda; 2011: "Paisajes incógnitos", Novacaixagalicia, Vigo; 2011: "Dunas", Galería Paloma Pintos, Santiago; 2013: "Showroom", Galería Pardo Bazán, A Coruña. Colectivas: 1996: "Forum Atlántico de Arte Contemporánea", Porto (Portugal); 1997: "Foro Atlántico de Arte Contemporánea", A Coruña; 2003: "Foron Novísimos", Centro de Arte Torrente Ballester, Ferrol; 2003: "La mirada alrededor", ULGC, Gran Canaria; 2010: "Naturaleza con Arte", Vigo; 2012: "73x73x273 A irmá do sono", Santiago e Lugo. Tamén mostrou obras en Estampa (Madrid), Espacio Atlántico (Galicia) e II Bienal de Canarias (Arte, Arquitectura y Paisaje) no 2009.

Dialéctica del territorio

Mármore branco, aceiro e madeira
330 x 80 x 60 cm
2015



FERNANDO VILLAPOL

Fernando Villapol Parapar, "Villapol", naceu en San Tirso de Abres (Asturias) e reside habitualmente en Bretoña (Lugo). Fai longas estancias en diversas localidades, tanto en Galicia coma en Segovia, e especialmente no estranxeiro en cidades coma París, Londres e Washington DC, nas que realizou diversas exposicións. É fundador e propietario do Museo Pedagóxico Etnográfico de Bretoña.

A obra escultórica de Villapol atópase en coleccións privadas e especialmente en prazas públicas, coma o monumento adicado a Mailloc da praza de Bretoña, o monumento en honor ós pais, sito na mítica praza do San Juan de San Tirso, no Eido Dourado en Barreiros, etc.

REABSU 14..14

Técnica mixta
Mármore, granito e metal
150 x 70 x 70 x cm




XUNTANZA

Exposición Multidisciplinar

Novembro do 2015

Museo Interactivo da
Historia de Lugo (MIHL)



Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo



Asociación Española de Pintores y Escultores

AEPE